

Á Mesa do Parlamento

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A actividade das centrais térmicas baseadas no carbón, asentadas no noso país, constitúen o factor que máis determina a evolución das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galiza. Abandonar o carbón como materia prima para a produción de enerxía debería ser unha prioridade toda vez que detrás dos seus nocivos efectos sobre o clima atópase o drama da fame, pois a mudanza climática está a afectar á alimentación en todo o planeta, tal como espuxo o informe *Que coman carbón* de Oxfam. Ademais, as centrais térmicas de carbón non só destrúen o clima senón que tamén contribúen a contaminar o aire que respiramos ao lanzaren á atmosfera partículas, dióxido de xogre, óxidos de nitróxeno, mercurio e outros metais pesados. Un informe de Health an Environment (HEAL), *A factura non pagada da saúde: como as centrais de carbón nos enferman*, baseado en evidencias científicas cifrou nuns 43.000 millóns de euros os custos sanitarios derivados da contaminación emitida ao aire polas centrais de carbón europeas durante 2009.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Ten a Xunta pensado algún tipo de plan para reducir as emisións das centrais térmicas asentadas no noso país?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 23/07/2015 13:00:07